

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) reivindica a vacinación como o mellor método para frear a pandemia producida por COVID-19.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021.

O COBGA ante as reiteradas noticias que expresan dúbidas sobre a conveniencia da vacinación contra a COVID-19 e a lóxica preocupación que esta situación pode causar na poboación, quere manifestar o seguinte:

O acceso aos programas de vacinación está a ser fundamental para poñer fin á pandemia de COVID-19. As vacinas autorizadas son seguras e eficaces, e foron avaliadas en decenas de miles de voluntarios en ensaios clínicos. Todas cumpren cos requisitos científicos establecidos na lexislación sanitaria de seguridade, eficacia e calidade, incluíndo numerosos estudos pre-clínicos, antes de pasar á fase clínica.

Os estándares e rigorosidade aplicados para a autorización das vacinas contra a COVID-19 son exactamente os mesmos que se aplican para a autorización de vacinas contra outras enfermidades. Foron os recursos humanos e económicos destinados a desenvolver e testar estas vacinas, así como a capacidade de colaboración, os que marcaron a diferenza, e permitiron dispoñer de vacinas seguras e eficaces nun período de tempo moi curto. A isto débese engadir o traballo previo de numerosos científicos no desenvolvemento de tecnoloxías pensadas para outras enfermidades e que finalmente se están empregando para a loita contra a COVID-19, como a tecnoloxía do ARN mensaxeiro, as plataformas de virus modificados ou de subunidades proteicas.

Os resultados dos estudos de calidade, pre-clínicos e clínicos levados a cabo para autorizar estas vacinas, así como a avaliación dos expertos, pódense atopar nas páxinas web das Axencias de Avaliación de Medicamentos como a US Food and Drug Administration (www.fda.gov)

ou a Axencia Europea do Medicamento (www.ema.europa.eu), por citar algunhas delas. Tamén na páxina web da Organización Mundial da Saúde (www.who.int/es) se pode atopar a información máis recente sobre as novas vacinas candidatas contra a COVID-19 que están en desenvolvemento clínico e pre-clínico e que se actualiza xeralmente dúas veces por semana.

Aínda así, e tralos estudos realizados previamente, a seguridade das vacinas continua sendo vixiada, mentres está a ser administrada á poboación. Nos primeiros días de decembro de 2021, administráronse máis de 627 millóns de doses de vacinas na Unión Europea e a gran maioría dos efectos secundarios foron leves e de curta duración.

O COBGA defende que a vacinación é o mellor método dispoñible a día de hoxe para tratar a COVID-19, e que a súa maior eficacia dependerá de que alcancemos a inmunidade de grupo, é dicir que a poboación estea vacinada na porcentaxe máis alta posible.

É tarefa de todos/as.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

Telf./WhatsApp: 981 53 14 40